

ACTIVIDADES DEFORMACIÓN E ROCHAS

- 1) Indica as diferenzas entre deformación elástica, plástica e por rotura e cita exemplos.
- 2) Define:
 - Esforzos de tensión
 - Esforzos de compresión
 - Esforzos de cizalla
- 3) Completa co termo correspondente:
 - a) Parte máis interna da dobra:
 - b) Plano que divide a dobra en dúas metades:
 - c) Zona máis alta dunha dobra:
 - d) Ángulo que forma a superficie do estrato co plano horizontal:
 - e) Zona de máxima curvatura dunha dobra:
 - f) Zonas situadas a ambos os lados da charneira.
- 4) Define:
 - Sinclinal:
 - Dobra recta e simétrica:
 - Dobra tumbada e anisópaca:
- 5) Completa co termo correspondente:
 - a) Medida do desprazamento relativo entre os dous labios de falla:
 - b) Superficie de fractura da falla:
 - c) Fracturas nas que os bloques non se desprazan:
 - d) Falla orixinada por distensión, o plano de falla buza cara ao labio afundido.
 - e) Falla con desprazamento horizontal dos bloques:
 - f) Asociación de fallas cun bloque levantado:
- 6) Nomea os factores que favorecen a formación dun magma:
- 7) Indica as diferenzas entre un magma félsico ou granítico e un magma máfico ou basático.
- 8) Define:
 - Plutón:
 - Sill:
 - Cono:

- Cheminea volcánica:

9) Señala as diferenzas entre os seguintes tipos de texturas:

- a) Textura holocristalina e vítrea:
- b) Textura fanerítica e afanítica:
- c) Textura homométrica e porfírica:

10) Nomea os tres tipos de rochas ígneas ou magmáticas e defíneas:

11) Compara o granito co basalto e a sienita coa traquita.

12) Explica as texturas que posúen as rochas volcánicas indicando a qué é debido.

13) Concepto de metamorfismo. Nomea os tres tipos de metamorfismo indicando o axente(s) causantes do mesmo.

14) Define foliación e textura granoblástica.

15) Nomea as rochas metamórficas con foliación en orden crecente ao seu grao de metamorfismo, indicando asimesmo unha característica de cada unha.

16) Nomea as rochas metamórficas sen foliación indicando de qué rocha proceden e unha característica de cada unha.

17) Define diaxénese ou litificación e nomea os procesos que inclúe.

18) Diferenza entre rochas sedimentarias detríticas e non detríticas.

19) Indica as diferenzas entre conglomerados, areíscas e arxilitas.

20) Cómo se forman as rochas sedimentarias evaporíticas?. Nomea as máis importantes.

21) Diferenzas entre calcarias, dolomitas e margas.

22) Indica cómo se formaron os carbóns, nomea os tipos en orden crecente a súa riqueza en carbono.